

A VIDA CULTURAL EN LUGO DURANTE A SEGUNDA REPÚBLICA

O Cantón de Lugo na década dos anos 30. Daquela, a cidade de Lugo contaba entre trinta e corenta mil habitantes. O ambiente intelectual da urbe era desolador, e a súa vida literaria moi precaria. Un dos seus principais animadores foi Evaristo Correa Calderón, que mesmo chegou a fundar o xornal *Vanguardia Gallega* (1931-33)



Portada do número 3 da revista *Yunque* (1931). Os primeiros traballos de Piñeiro viñeron a lume baixo o pseudónimo *Luis de Veiga* nesta publicación de vangarda estética e política, publicada en Lugo en 1931-32 baixo a dirección de Ánxel Fole, coa colaboración gráfica de Ánxel Johán, Colmeiro e Maside, e literaria de Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, José Gayoso e Ramón Martínez López (profesor do Instituto), entre outros

Cuberta da revista *Ronsel* (1924), a primeira publicación literaria de ambición vangardista editada en Lugo. Dirixida por E. Correa Calderón, o debuxante Álvaro Cebreiro e Álvaro Gil, nela colaboraron, entre outros, o poeta Luís Pimentel, o músico J. Bal y Gay e o debuxante e poeta Ánxel Johán



No círculo de amizades máis estreitas de Piñeiro, no Lugo da República, participaban Luís Pimentel e Ánxel Fole, figuras públicas na cidade e maiores ca el.

Na foto, Romero Boelle, Ánxel Johán, Francisco Lamas e Ánxel Fole, lendo *Resol* (ca. 1932)



Lembro o Lugo dos anos 30, anos dos comezos da miña mocidade, en que a conciencia da persoa comeza a asumir a responsabilidade do seu destino existencial. Son os anos dos primeiros compromisos coa vida. Os anos en que se procuran, se descubren, se asumen os ideais que han de dar sentido e dignidade á nosa vida, ideais que no meu caso foron a identificación co noso pobo, coa nosa cultura, coa nosa terra.

Isto ocorreu naquel Lugo no que **Á. Fole** dirixía a revista *Yunque* e **A. Villamarín** editaba *Corazón ao vento* de **Iglesia Alvarinho** e *Poemas do si e o non* de **Cunqueiro**, quizais os dous primeiros libros ilustrados por **Luís Seoane**; naquel Lugo no que **Pimentel** escribía poemas aproveitando os estrelamos da neurose cardiopática que o agoniaba; no que **Pepe Gayoso**, recién chegado da Alemaña, exercitaba con fogaxe a súa paixón dialéctica, a súa agudeza de enxeño e a súa inadaptación social; naquel Lugo no que **Celestino Fernández de la Vega**, estudante no Instituto, despregaba a súa curiosidade intelectual cara a todos os eidos da cultura; no que o poeta **Lorenzo Varela** e mais eu, tamén estudantes do Instituto, discutiamos as nosas inquedanzas ideolóxicas e tomabamos as primeiras iniciativas de acción galeguista.

Ramón Piñeiro

## ÉRAMOS TRES IRMÁNS

*A. X. X. que dabamos por morto na forza franquista, i a outra noite déronme nova dil, vivo e loitando por Galicia i-España.*

Éramos tres irmáns,  
maríneiros os tres cada un no seu mar.  
Tiñamos a mesma pel de pexegos novos,  
cada un dos tres no seu albre lixeiro,  
a navegar polas augas do tempo.  
Mais fixemos un barco de carballo e piñeiro,  
e cada un deixou a súa estrela nas gavias,  
pra non ter máis que un mar, un barco, un ceo.

Eu era o capitán, ti era-lo santo,  
i-o outro irmán maior era o tolo de abordo,  
tolo de terra leda e de lus e de orballo.

Queimou o barco o demo:  
do tolo nada sei,  
a ti como eras santo non te rachou o vento,  
i-eu lonxe, lonxe, lonxe,  
ardendo eiquí, no inferno.  
Reza por min, amigo, e polo noso irmán,  
¿aque! cervo ferido, pacerá no seu lar?

¿Ay, miña carballeira!  
¿Ay, meu piñeiral!  
¿Miñas estrelas verdes  
de pastor na outa mar!  
Cando saía do inferno,  
¿saberei navegar?  
¿Dirasme ti, irmao santo da  
miña mocidade,  
como fan os madeiros pra se  
ter sobre o mar?  
¿Vinde chousas sagradas  
carballeiras de meus pais,  
agárdovos nestas praias  
pra min sin terra e sin mar!

↳ Durante a Guerra Civil, na España republicana correuse a noticia de que Ánxel Fole e Ramón Piñeiro foran asasinados pola Falanxe, coma outros tantos galeguistas e demócratas. O seu amigo Lorenzo Varela escribiu este poema no exilio americano, en 1940, ao informarse de que tal noticia era falsa e os dous estaban vivos

